


# GRANDES FESTAS

EN

# MOREIRA



PRA HONRAR O  
**Sto. Domingo de Guzmán e más o San Antoniño**  
**os días 4 e 5 de agosto de 1968**



A Banda "ARTISTICA", de Merza, tocará no medio da Misa, e tamén na procesión, mentres que o sacristán -tilín, tilán!- repinica nas campás e os rapaces corren as canas dos foguetes po-lo igrexario.

Tamén tocará pra bailar, xunto coas orquestas: "**LOPEZ MALDE**", do Ferrol e a "**VENUS**" da Estrada, hasta que a mocedade se canse e os vellos se durman a beira dos palcos.

"OS DE MARIN", esos gaiteiriños novos, hincharán nos foles, pra que o punteiro e o roncón enchan o ar de muiñeiras.

Misas rezadas, dendeis da mañán ben cedo; e, o mediodía, a cantada.

O día 4 as cinco e media da tarde, no campo do Lamigueiro,

**GRAN PARTIDO DE FUTBOL**

**RIVER PLATE de Silleda, contra o CALLOBRE F. C.**

**DISPUTANDO UN VALIOSO TROFEO**



Rosquillas, pulpeiros, churros, xigantes, e cabezudos; lanchas, circos, cabaliños, minifaldras, e moitos más pasatempos, pra que desfroiten os bellos, os mozos e os nene.

O Santo Domingo han de ir de romería a Moreira, a mocíña bailadeira co mozo forte e varil, pra bailarl led a muiñeira o compás do tamboril.

Tanto o mozos coma os vellos que ningúén na casa quede, si queredes troulear ben cara a Moreira collede, que a festiña de este ano millor que a de outros será. A comisión, po-lo menos, ese gusto quere dar.

**NOTA.** A pista chega hasta o campo da festa, con aparcamento pra todos os vehículos que cheguen. Que han de ser moitos.

## Piensos "IVANASA"

**Distribuidor: E. Y. C. A.**

**Puerta del Sol**

**La Estrada**

**Teléfono 360**